



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Materia	Matemáticas I (Semipresencial)	Curso	1º Bacharelato
Profesor/a	Rebeca Fraga Paz		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE	<p>Os números reais e a súa representación. Aproximacións e erros. Notación científica.</p> <p>Sucesións numéricas e logaritmos. Propiedades. Ecuacións logarítmicas e exponenciais.</p> <p>Resolución de ecuacións non alxébricas e problemas da vida cotiá mediante ecuacións e inecuacións.</p> <p>Método de Gauss. Formulación e resolucións de problemas mediante o uso de sistemas de ecuacións lineais.</p>
2º TRIMESTRE	<p>Razóns trigonométricas dun ángulo calquera e dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade. Fórmulas.</p> <p>Teoremas. Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas.</p> <p>Resolución de triángulos e problemas xeométricos diversos.</p> <p>Números complexos. Forma binómica e polar. Representación e operacións. Fórmula de Moivre.</p> <p>Vectores libres no plano. Operacións e propiedades. Bases ortogonais e ortonormal.</p> <p>Xeometría métrica plana. As rectas, ecuacións, posicións relativas, distancias e ángulos.</p> <p>Lugares xeométricos no plano.</p> <p>Cónicas. Circunferencia, elipse, hipérbola e parábola. Ecuación e elementos.</p>
3º TRIMESTRE	<p>Funcións reais de variable real. Características das funcións.</p> <p>Funcións básicas: polinómicas, racionais sinxelas, valor absoluto, raíz, trigonométricas e as súas inversas, exponenciais, logarítmicas e funcións definidas a anacos.</p> <p>Operacións e composición de funcións. Función inversa. Funcións de oferta e demanda.</p> <p>Limites e continuidade dunha función.</p> <p>Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica da derivada. Recta tanxente e normal.</p> <p>Función derivada. Cálculo de derivadas. Regra da cadea.</p> <p>Estudo e representación gráfica de funcións.</p> <p>Estatística descritiva e bidimensional.</p> <p>Distribucións conxunta, marxinais e condicionadas. Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas.</p> <p>Dependencia e independencia de variables estatísticas. Representación gráfica. Covarianza e correlación. Regresión lineal.</p> <p>Estudios estatísticos. Análise, interpretación e detección de erros e manipulacións.</p>



AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

En cada avaliación terase:

- Nota: media dos exames.
- A nota pode subir ou baixar ata un 30% segundo a actitude en clase e o traballo realizado.
- A nota obtida despois de aplicar a porcentaxe, aproxímase a dúas cifras decimais, e a nota que vai no boletín corresponde ao seguinte redondeo:
 - Ata as 75 centésimas corresponde ao enteiro anterior
 - Noutro caso ao enteiro seguinte
- Farase unha *recuperación/subida de nota* por avaliación, que:
 - será despois da avaliación
 - a súa realización será recomendable (hai opción a subir nota)
 - incluírá toda a materia
 - en ningún caso baixará a primeira nota

A nota da segunda avaliación será, no boletín, a media da primeira e da segunda.

A nota da terceira avaliación será a media das tres, coincidindo así coa nota final de curso.

Cando a nota final de curso sexa inferior a 4,75 haberá un exame final de toda a materia, no caso que non superen esa nota, deberán presentarse ao exame de Setembro.

No caso de atoparnos nun escenario de confinamento a materia seguiría impartíndose de xeito non presencial, a través das canles xa utilizadas: videoconferencias, Classroom, Aula virtual, correo electrónico...

Se o confinamento se prolongara no tempo, contemplaríanse os seguintes cambios na programación:

- A nota media da avaliación calcularíase facendo unha media entre a nota dos exames (ao 50%) e a dos traballos realizados e enviados (ao 50%).
- Os exames non presenciais poderían ser a través da Aula virtual, utilizando ferramentas de videoconferencia, correo electrónico, ..., segundo se precise en cada caso.

O docente da materia avisaría ao alumando do cambio nos criterios de avaliación.

MATERIAL OBRIGATORIO

- Caderno cuadriculado. Bolígrafo azul e/ou negro. Calculadora científica.
- Rexistro na Aula virtual
- Acceso a internet (moi recomendable)

.....CORTAR PORAQUÍ PARA ENTREGAR AO PROFESORA.....

O/a alumno/a:.....

Recibín a información que figura neste documento, referente aos contidos e a avaliación da Materia:

Matemáticas I (Adultos) para o curso 2020/2021.

Asdo: